



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

[correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)  
[www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)  
[sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)

## ANEXO 1: CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS A UNIVERSITARIOS/AS NO CURSO 2016/2017

### Primeira. Natureza, obxecto e créditos orzamentarios

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública en concorrencia competitiva, que no exercicio das súas competencias e de conformidade co disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2017, efectúa o Concello de Abegondo para a concesión de bolsas de estudo, curso 2016/2017, como acción de fomento e contribución aos gastos orixinados polo comezo do curso escolar, destinada a alumnos cursando estudos de carácter universitario, matriculados en centros de carácter oficial.

O presente expediente está suxeito á dotación presupostaria do exercicio 2017 dentro da partida 326.48103

### Segunda. Beneficiarios, requisitos e xeito de acreditación

Para optar ao beneficio de bolseiro/a deberán reunirse os seguintes requisitos:

- Estar empadroado o solicitante no Concello de Abegondo cunha antigüidade mínima de seis meses. Esta circunstancia, que deberá cumprirse no último día do prazo de presentación de solicitudes, será comprobada de oficio polos servizos municipais.
- Estar matriculado en ensino universitario no curso 2016/2017. Esta circunstancia acreditarase mediante fotocopia da matrícula.  
Cumprimento dos requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta circunstancia acreditarase mediante a declaración responsable incluída no formulario de solicitude.

### Terceira. Contía e criterios de selección

A contía da bolsa é de 200 € cada unha.

Aquelas persoas que comecen de novo a estudar tamén terán dereito a axuda, e non será preciso que presenten as cualificacións, polo que non terán dereito a axuda complementaria. Será requisito mínimo estar matriculado como mínimo un 75 % dos créditos correspondentes ao curso da matrícula presentada na solicitude. Os alumnos que se matriculen en asignaturas soltas quedarán excluídos.

Aqueles alumnos que non acaden como mínimo un 5 de nota media ou o equivalente no curso académico 2015/2016 en créditos non terán dereito á axuda. Así mesmo, teñen que ter superadas a metade das disciplinas curriculares nas que estiveran matriculados.

A nota media do curso obterase calculando a media aritmética das cualificacións numéricas que consten no expediente. Se as notas veñen expresadas como cualificacións literais, considerarase a seguinte táboa de equivalencias para obter a media:

Suspenso/Insuficiente/Non presentado	2,5
Aprobado/Apto/Convalidación	5
Ben	6
Notable	7,5
Sobresaínte	9
Matrícula Honra	10

De non existir crédito suficiente, reducirase a contía das axudas en igual proporción a todas as solicitudes que sexan beneficiarias.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

[correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)  
[www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)  
[sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)

Será susceptible de valoración extraordinaria calquera circunstancia que a comisión considere documentalmente acreditada ou no seu defecto solicitar a documentación que fose precisa.

#### **Cuarta. Órgano competente**

O órgano instrutor do procedemento aos efectos do artigo 24 da Lei 38/2003 será o Concelleiro de Educación.

O órgano colexiado aos efectos do artigo 22 da Lei 38/2003 será a Comisión Cualificadora, que estará constituída pola Técnico responsable en materia de cultura, a animadora cultural, un funcionario e o Concelleiro de Educación.

O órgano competente para a concesión das bolsas é o Alcalde-Presidente ou órgano no que delegue, previa proposta da Comisión Cualificadora.

#### **Quinta. Prazo de presentación de solicitudes e documentación a xuntar**

As solicitudes presentaranse en modelo normalizado no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da última publicación das bases e da convocatoria no rexistro municipal de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas ou lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Tamén poderán presentarse na sede municipal na páxina <http://sede.abegondo.es> ata as 23:59:59 horas do último día do prazo. Á solicitude deberá acompañarse os seguintes documentos:

- Impreso de solicitude debidamente cuberto, no que se asinará unha declaración de que a documentación presentada concorda cos orixinais, que terá que ter no seu poder no prazo de catro anos para calquera comprobación que se lle requira.
- Fotocopia resgardo da matrícula.
- Fotocopia das cualificacións obtidas no curso 2015/2016.
- Certificado do núm. de conta bancaria a nome do beneficiario onde realizar o ingreso da bolsa.

No caso de que a documentación non variase en relación coa presentada nas convocatorias anteriores, con base nos artigos 28 lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, non terá obriga de achegar:

- Certificado do núm. de conta bancaria a nome do beneficiario onde realizar o ingreso da bolsa.

#### **Sexta. Resolución provisional e definitiva e publicación**

Establécese un prazo de resolución de cinco meses contados a partir do día seguinte ao remate do prazo de presentación de instancias. De producirse silencio administrativo entenderase denegada a solicitude.

A publicación das resolucións neste procedemento substituirá ás notificacións persoais, tendo os mesmos efectos ao contar co contido esixido no artigo 45 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Xa que logo, as listaxes de bolseiros serán públicas e estes efectos, o Concello publicará a relación provisional e definitiva dos solicitantes da bolsa, nos taboleiros de anuncios e na sede municipal [www.sede.abegondo.es](http://www.sede.abegondo.es).

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, no prazo de tres meses, estas serán valoradas pola comisión avaliadora conforme aos criterios establecidos. Posteriormente publicarase no taboleiro de editos e na sede municipal [www.sede.abegondo.es](http://www.sede.abegondo.es) do Concello unha lista provisional e abrirase un prazo de 10 días para subsanación de documentación.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

[correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)  
[www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)  
[sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)

Transcorrido este prazo a Comisión emitirá unha proposta definitiva que será fiscalizada pola Intervención municipal e de seguido procederá á súa aprobación así como á súa publicación no taboleiro de editos do Concello e na sede municipal [www.sede.abegondo.es](http://www.sede.abegondo.es)

#### **Sétima. Pago**

O pago das bolsas efectuarase por transferencia bancaria, para o cal o solicitante deberá presentar o número de conta onde quere que se lle ingrese a dita axuda, acreditando esta conta mediante certificación bancaria entregada coa solicitude.

#### **Oitava. Xustificación**

En función do obxecto da subvención e a súa natureza de bolsa enténdese xustificada a mesma pola concorrencia dos requisitos establecidos no punto segundo da presente convocatoria. En calquera caso o beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola intervención do Concello, Tribunal de Contas ou Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O beneficiario ten a obriga de reintegro dos fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención, e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Novena. Compatibilidade**

A presente subvención é compatible con outras que para a mesma finalidade poidan concederse por entes públicos ou privados aos beneficiarios cos requisitos previstos na base segunda.

#### **Décima. Recursos**

A resolución que resolva o procedemento poñerá fin á vía administrativa e, contra a mesma o interesado poderá interpor os recursos que se indican a continuación:

1. Recurso potestativo de reposición, ante o órgano que ditou o acto recurrido, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a aquél no que se notifique a resolución, de conformidade co establecido nos artigos 112 e 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Directamente, recurso contencioso administrativo, ante o órgano competente da xurisdicción do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte a aquél no que se notifique ou publique a resolución, en aplicación do disposto no artigo. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción do Contencioso Administrativo.
3. Todo iso, sen prexuízo de que o interesado interpoña calquera outro recurso que estime pertinente.

Abegondo, 04 de abril de 2017  
O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

[correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)  
[www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)  
[sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)

ANEXO 2: CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS DE ESTUDO DE BACHARELATO, CICLOS FORMATIVOS, DE MAIS ENSEÑANZAS MEDIAS DE CARÁCTER POSTOBRIGATORIO E EDUCACIÓN ESPECIAL 2016/2017.

**Primeira. Natureza, obxecto e créditos orzamentarios**

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública en concorrencia competitiva, que no exercicio das súas competencias e de conformidade co disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2017, efectúa o Concello de Abegondo para a concesión de bolsas de estudo, curso 2016/2017, como acción de fomento e contribución aos gastos orixinados polo comezo do curso escolar, destinada a alumnos cursando estudos de ensinanzas medias.

O presente expediente está suxeito á dotación presupostaria do exercicio 2017 dentro da partida 326.48104 para ensinanzas medias e dentro da partida 326.48109 para educación especial (integración).

**Segunda. Beneficiarios, requisitos e xeito de acreditación**

Para optar ao beneficio de bolseiro/a deberán reunirse os seguintes requisitos:

- No caso de alumnos maiores de idade estar empadroados no Concello de Abegondo cunha antigüidade mínima de seis meses. Esta circunstancia, que deberá cumprirse no último día do prazo de presentación de solicitudes, será comprobada de oficio polos servizos municipais.
- No caso de alumnos menores de idade a solicitude formularaa o pai, nai ou titor do alumno tendo tanto o alumno como o solicitante que estar empadroados no Concello cunha antigüidade mínima de seis meses, excepto en caso de pais separados, neste caso só deberá estar empadroado o pai ou nai que posúa a súa custodia. Esta circunstancia, que deberá cumprirse no último día do prazo de presentación de solicitudes, será comprobada de oficio polos servizos municipais.
- Estar o alumno matriculado nos estudos incluídos nesta convocatoria no curso académico 2016/2017.
- Cumprimento dos requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta circunstancia acreditarase mediante a declaración responsable incluída no formulario de solicitude.

**Terceira. Contía e criterios da selección**

A contía da bolsa é de 130 € cada unha.

Aqueles alumnos que non acaden como mínimo un 5 de nota media ou o equivalente en créditos no curso académico 2015/2016 non terán dereito á axuda. Así mesmo, teñen que ter superadas a metade das disciplinas curriculares nas que estiveran matriculados.

Aqueles persoas que comecen de novo a estudar tamén terán dereito a axuda, e non será preciso que presenten as cualificacións, polo que non terán dereito a axuda complementaria.

A nota media do curso obterase calculando a media aritmética das cualificacións numéricas que consten no expediente. Se as notas veñen expresadas como cualificacións literais, considerarase a seguinte táboa de equivalencias para obter a media:

Suspense/Insuficiente/Non presentado	2,5
Aprobado/Apto/Convalidación	5
Ben	6
Notable	7,5
Sobresaliente	9
Matrícula Honra	10



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

[correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)  
[www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)  
[sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)

No caso de beneficiario de bolsa de Educación Especial a contía será de 350 €, con documentación xustificativa da dita condición. A petición desta axuda non permite solicitar outra desta mesma convocatoria.

Os beneficiarios das bolsas de Educación Especial son:

- alumnos/as con discapacidade maior ou igual ao 33%
- alumnos/as que presenten necesidade específica de apoio educativo (alta capacidade intelectual, adaptación curricular, TEA, trastornos graves de conducta, ...)
- alumnos/as que presenten unha enfermidade crónica que lle impida asistir temporalmente ao colexio

De non existir crédito suficiente, reducirase a contía das axudas en igual proporción a todas as solicitudes que sexan beneficiarias

Será susceptible de valoración extraordinaria calquera circunstancia que a comisión considere documentalmente acreditada ou xustificada.

#### **Cuarta. Órgano competente**

O órgano instrutor do procedemento aos efectos do artigo 24 da Lei 38/2003 será o Concelleiro de Educación.

O órgano colexiado aos efectos do artigo 22 da Lei 38/2003 será a Comisión Cualificadora, que estará constituída pola Técnico responsable en materia de cultura, a animadora cultural, un funcionario e o Concelleiro de Educación.

O órgano competente para a concesión das bolsas é o Alcalde-Presidente ou órgano no que delegue, previa proposta da Comisión Cualificadora.

#### **Quinta. Prazo de presentación de solicitudes e documentación a xuntar**

As solicitudes presentaranse en modelo normalizado no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da última publicación das bases e da convocatoria no rexistro municipal de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas ou lugares previstos artigo 16 da lei 39/2015, de 1 de outubro. Tamén poderán presentarse na sede municipal na páxina <http://sede.abegondo.es> ata as 23:59:59 horas do último día do prazo. Á solicitude deberá acompañarse os seguintes documentos:

- Impreso de solicitude debidamente cuberto, no que se asinará unha declaración de que a documentación presentada concorda cos orixinais, que terá que ter no seu poder no prazo de catro anos para calquera comprobación que se lle requira.
- Fotocopia resguardo da matrícula.
- Fotocopia das cualificacións obtidas no curso 2015/2016.
- Documentación acreditativa da condición de Educación Especial, de ser o caso.
- Certificado do núm. de conta bancaria a nome do beneficiario onde realizar o ingreso da bolsa.

No caso de que a documentación non variase en relación coa presentada nas convocatorias anteriores, con base no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, non terá obriga de achegar:

- Certificado do núm. de conta bancaria a nome do beneficiario onde realizar o ingreso da bolsa.

#### **Sexta. Resolución provisional e definitiva e publicación**

Establécese un prazo de resolución de cinco meses contados a partir do día seguinte ao remate do prazo de presentación de instancias. De producirse silencio administrativo entenderase denegada a solicitude.

A publicación das resolucións neste procedemento substituirá ás notificacións persoais, tendo os mesmos efectos ao contar co contido esixido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Xa que logo, as listaxes de bolseiros serán públicas e estes efectos, o Concello publicará a relación provisional e definitiva dos solicitantes da bolsa, nos taboleiros de anuncios e na sede municipal [www.sede.abegondo.es](http://www.sede.abegondo.es).



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

[correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)  
[www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)  
[sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, no prazo de tres meses, estas serán valoradas pola comisión avaliadora conforme aos criterios establecidos. Posteriormente publicarase no taboleiro de editos e na sede municipal [www.sede.abegondo.es](http://www.sede.abegondo.es) do Concello unha lista provisional e abrirase un prazo de 10 días para subsanación de documentación.

Transcorrido este prazo a Comisión emitirá unha proposta definitiva que será fiscalizada pola Intervención municipal e de seguido procederase á súa aprobación así como á súa publicación no taboleiro de edictos do Concello e na sede municipal [www.sede.abegondo.es](http://www.sede.abegondo.es)

#### **Sétima. Pago**

O pago das bolsas efectuarase por transferencia bancaria para o cal o solicitante ou representante legal deberá presentar o número de conta onde quere que se lle ingrese a dita axuda, acreditando a dita conta mediante certificación bancaria achegada coa solicitude.

#### **Oitava. Xustificación**

En función do obxecto da subvención e a súa natureza de bolsa enténdese xustificada a mesma pola concorrencia dos requisitos establecidos no punto segundo da presente convocatoria. En calquera caso o beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requerida pola intervención do Concello, Tribunal de Contas ou Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O beneficiario ten a obriga de reintegro dos fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención, e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

#### **Novena. Compatibilidade**

A presente subvención é compatible con outras que para a mesma finalidade poidan concederse por entes públicos ou privados aos beneficiarios cos requisitos previstos na base segunda.

#### **Décima. Recursos**

A resolución que resolva o procedemento poñerá fin á vía administrativa e, contra a mesma o interesado poderá interpor os recursos que se indican a continuación:

- 1.Recurso potestativo de reposición, ante o órgano que dictou o acto recurrido, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a aquél no que se notifique ou publique a resolución, de conformidade co establecido nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- 2.Directamente, recurso contencioso administrativo, ante o órgano competente da xurisdicción do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte a aquél no que se notifique ou publique a resolución, en aplicación do disposto no artigo. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción do Contencioso Administrativo.
3. Todo iso, sen prexuízo de que o interesado interpoña calquera outro recurso que estime pertinente.

Abegondo, 04 abril de 2017  
O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

### **ANEXO 3: CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS DE ESTUDO, CURSO 2016/2017 DE EDUCACIÓN INFANTIL E EDUCACIÓN PRIMARIA**



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O  
DE  
A B E G O N D O  
( A C O R U Ñ A )

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

[correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)  
[www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)  
[sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)

### Primeira. Natureza, obxecto e créditos orzamentarios

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública en concorrencia competitiva, que no exercicio das súas competencias e de conformidade co disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2017, efectúa o Concello de Abegondo para a concesión de bolsas de estudo, curso 2016/2017, como acción de fomento e contribución aos gastos orixinados polo comezo do curso escolar destinada a alumnos cursando estudos de Educación Infantil (segundo ciclo) e Primaria.

O presente expediente está suxeito á dotación presupostaria do exercicio 2017 dentro da partida 326.48102 para educación infantil e da partida 326.48101 para educación primaria.

### Segunda. Beneficiarios, requisitos e xeito de acreditación

Para optar ao beneficio de bolseiro/a deberán reunirse os seguintes requisitos:

Bolsas para Educación Infantil (segundo ciclo) e Educación Primaria:

- A solicitude formularaa o pai, nai ou titor do alumno tendo tanto o alumno como os pais que estar empadroados no Concello cunha antigüidade mínima de seis meses, excepto en caso de separación, na que se require que estea empadroado o solicitante que teña a custodia. Esta circunstancia, que deberá cumprirse no último día do prazo de presentación de solicitudes, será comprobada de oficio polos servizos municipais.
- Estar o alumno matriculado nos estudos incluídos nesta convocatoria no curso académico 2016/2017.
- Cumprimento dos requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta circunstancia acreditarase mediante a declaración responsable incluída no formulario de solicitude. Terceira. Contía e criterios de selección

As axudas que se concederán atenderán as posibilidades económicas das familias procurando garantir o desenvolvemento educativo. Para iso, estableceráanse distintos tramos baseados na renda per cápita familiar

Así para efectos de esta beca, enténdese por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma de ingresos totais da unidade familiar.

Para estes efectos enténdese por unidade familiar:

- o propio solicitante
- os pais non separados legalmente e no seu caso, titor/a, ou persoa encargada da garda e da protección do menor
- os fillos e fillas ata 25 anos
- os fillos e fillas maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial con minusvalía do 33% ou superior.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, nai, e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos anteriores. Esta circunstancia da unidade familiar comprobarase a través do empadramento que será revisado polos servizos municipais e o libro de familia.

No caso de que os solicitantes constituán unidades familiares independentes, tamén se consideran membros computables o cónxuxe, ou persoa a que se atope vinculado por análoga relación, así como os fillos que tivera.

No caso de familias monoparentais ao que se refire o parágrafo anterior, incrementarase nun 0,8 o número total de membros que compoñen a unidade familiar. A condición de familia monoparental, entendida como a nai ou pai que conviva coa/co filla/o constituíndo o/a sustentador/a único/a da familia acreditarase mediante dos seguintes medios:



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

[correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)  
[www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)  
[sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)

- fotocopia do libro de familia
- sentenza de separación/divorcio e ou convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais.
- Xustificante de viuvez (de ser o caso).
- Certificado de minusvalía dos fillos maiores de dezoito anos con minusvalía do 33% ou superior.

Nos casos de violencia de xénero adxudicarase o importe máximo da beca, sen ter en contar ningún tipo de baremación e acreditarase por medio de calquera dos seguintes documentos:

- Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que se sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG nº 152, do 7 de agosto)
- Certificación e/ou informe dos servizos sociais e /ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social

Para efectos desta convocatoria, ten a consideración de ingresos a suma da base impositiva xeral máis a base impositiva do aforro do imposto sobre a renda de persoas físicas.

	TRAMOS			
	Menor ou igual ao 75% do IPREM	Maior ao 75% e menor ou igual 100 % do IPREM	Maior ao 100 % e menor ou igual ao 150% do IPREM	Maior ao 150 % do IPREM
Educación Infantil	75 €	70 €	60 €	Denegada
Educación Primaria	90 €	80 €	70 €	Denegada

De non existir crédito suficiente, reducirase a contía das axudas en igual proporción a todas as solicitudes que sexan beneficiarias.

Será susceptible de valoración extraordinaria calquera circunstancia que a comisión considere documentalente acreditada ou no seu defecto solicitar a documentación que se considere oportuna.

#### Cuarta. Órgano competente

O órgano instrutor do procedemento aos efectos do artigo 24 da Lei 38/2003 será o Concelleiro de Educación. O órgano colexiado aos efectos do artigo 22 da Lei 38/2003 será a Comisión Cualificadora, que estará constituída pola o Técnico responsable en materia de cultura, a animadora cultural, un funcionario e o Concelleiro de Educación. O órgano competente para a concesión das bolsas é o Alcalde-Presidente ou órgano no que delegue, previa proposta da Comisión Cualificadora.

#### Quinta. Prazo de presentación de solicitudes e documentación a xuntar

As solicitudes presentaranse en modelo normalizado no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da última publicación das bases e da convocatoria no rexistro municipal de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas ou lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015, de 1 de outubro. Tamén poderán presentarse na sede municipal na páxina <http://sede.abegondo.es> ata as 23:59:59 horas do último día do prazo. Á solicitude deberá acompañarse os seguintes documentos:

#### A) DOCUMENTACIÓN XERAL:



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

[correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)  
[www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)  
[sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)

- Impreso de solicitude debidamente cuberto, no que se asinará unha declaración de que a documentación presentada concorda cos orixinais, que terá que ter no seu poder no prazo de catro anos para calquera comprobación que se lle requira.
- Fotocopia resguardo da matrícula.
- Fotocopia do libro de familia.
- Fotocopia da declaración da renda do ano 2015 ou no seu caso autorización asinada no impreso de solicitude. As unidades familiares exentas desta obriga deberán acreditar a súa situación, xuntando a seguinte documentación:
  - a) Para os membros activos laboralmente, certificado de Facenda de ingresos no ano 2015.
  - b) Acreditación, por calquera medio axustado ao dereito, de percibir ou non algunha prestación ou pensión (INEM, Xunta, Seguridade Social,...) e o importe da mesma.
    - A renda familiar deberá ser acreditada polos pais (nai e pai) ou titor do/a estudante.
    - Certificado do núm. de conta bancaria a nome do beneficiario onde realizar o ingreso da bolsa .

No caso de que a documentación non variase en relación coa presentada nas convocatorias anteriores, con base no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, non terá obriga de achegar:

- Certificado do núm. de conta bancaria a nome do beneficiario onde realizar o ingreso da bolsa.

**B) DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA CONDICIÓ DE FAMILIA MONOPARENTAL:** Ademais da documentación xeral deberán presentar a seguinte documentación segundo proceda:

- Sentencia de separación ou divorcio e /ou convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais, ou xustificante de viuvez, de ser o caso.
- Fotocopia do certificado de minusvalía dos fillos maiores de 18 anos con minusvalía do 33% ou superior.

**C) DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA CONCORRENCIA DE SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO.**

De concorrer esta circunstancia deberá presentarse, ademais da documentación xeral, calquera dos documentos establecidos ao efecto na Base Terceira.

### **Sexta. Resolución provisional e definitiva e publicación**

Establécese un prazo de resolución de cinco meses contados a partir do día seguinte ao remate do prazo de presentación de instancias. De producirse silencio administrativo entenderase denegada a solicitude.

A publicación das resolucións neste procedemento substituirá ás notificacións persoais, tendo os mesmos efectos ao contar co contido esixido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Xa que logo, as listaxes de bolseiros serán públicas e estes efectos, o Concello publicará a relación provisional e definitiva dos solicitantes da bolsa, nos taboleiros de anuncios e na sede municipal [www.sede.abegondo.es](http://www.sede.abegondo.es).

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, no prazo de tres meses, estas serán valoradas pola comisión avaliadora conforme aos criterios establecidos. Posteriormente publicarase no taboleiro de editos e na sede municipal [www.sede.abegondo.es](http://www.sede.abegondo.es) do Concello unha lista provisional e abrirase un prazo de 10 días para subsanación de documentación.

Transcorrido este prazo a Comisión emitirá unha proposta definitiva que será fiscalizada pola Intervención municipal e de seguido procederase á súa aprobación así como á súa publicación no taboleiro de editos do Concello e na sede municipal [www.sede.abegondo.es](http://www.sede.abegondo.es)



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O  
DE  
A B E G O N D O  
( A C O R U Ñ A )

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

[correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)  
[www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)  
[sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)

#### Sétima. Pago

O pago das bolsas efectuarase por transferencia bancaria aos solicitantes ou representante legal polo que deberán presentar o número de conta onde quere que se lle ingrese a dita axuda, acreditando a dita conta mediante certificación bancaria achegada coa solicitude.

#### Oitava. Xustificación

En función do obxecto da subvención e a súa natureza de bolsa enténdese xustificada a mesma pola concorrencia dos requisitos establecidos no punto segundo da presente convocatoria. En calquera caso o beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola intervención do Concello, Tribunal de Contas ou Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O beneficiario ten a obriga de reintegro dos fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención, e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Novena. Compatibilidade

A presente subvención é compatible con outras que para a mesma finalidade poidan concederse por entes públicos ou privados aos beneficiarios cos requisitos previstos na base segunda.

#### Décima. Recursos

A resolución que resolva o procedemento poñerá fin á vía administrativa e, contra a mesma o interesado poderá interpor os recursos que se indican a continuación:

- 1.Recurso potestativo de reposición, ante o órgano que dictou o acto recurrido, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a aquél no que se notifique ou publique a resolución, de conformidade co establecido nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- 2.Directamente, recurso contencioso administrativo, ante o órgano competente da xurisdicción do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte a aquél no que se notifique ou publique a resolución, en aplicación do disposto no artigo. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción do Contencioso Administrativo.
3. Todo iso, sen prexuízo de que o interesado interpoña calquera outro recurso que estime pertinente.

Abegondo, 04 de abril de 2017  
O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

#### ANEXO 4: CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS DE ESTUDO, CURSO 2016/2017 DE EDUCACIÓN SECUNDARIA



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

[correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)  
[www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)  
[sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)

### Primeira. Natureza, obxecto e créditos orzamentarios

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública en concorrencia competitiva, que no exercicio das súas competencias e de conformidade co disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2017, efectúa o Concello de Abegondo para a concesión de bolsas de estudo, curso 2016/2017, como acción de fomento e contribución aos gastos orixinados polo comezo do curso escolar destinada a alumnos cursando estudos de Educación Secundaria.

O presente expediente está suxeito á dotación presupostaria do exercicio 2017 dentro da partida 326.48105.

### Segunda. Beneficiarios, requisitos e xeito de acreditación

Para optar ao beneficio de bolseiro/a deberán reunirse os seguintes requisitos:

Bolsas para Educación Secundaria:

- A solicitude formularaa o pai, nai ou titor do alumno tendo tanto o alumno como os pais que estar empadroados no Concello cunha antigüidade mínima de seis meses, excepto en caso de separación, na que se require que estea empadroado o solicitante que teña a custodia. Esta circunstancia, que deberá cumprirse no último día do prazo de presentación de solicitudes, será comprobada de oficio polos servizos municipais.
- Estar o alumno matriculado en ensinanzas obxecto desta convocatoria no curso académico 2016/2017.
- Cumprimento dos requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta circunstancia acreditarase mediante a declaración responsable incluída no formulario de solicitude.

### Terceira. Contía e criterios de selección

As axudas que se concederán atenderán as posibilidades económicas das familias procurando garantir o desenvolvemento educativo. Para iso, estableceranse distintos tramos baseados na renda per cápita familiar

Así para efectos de esta beca, enténdese por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma de ingresos totais da unidade familiar.

Para estes efectos enténdese por unidade familiar:

- o propio solicitante
- os pais non separados legalmente e no seu caso, titor/a, ou persoa encargada da garda e da protección do menor
- os fillos e fillas ata 25 anos
- os fillos e fillas maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial con minusvalía do 33% ou superior.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, nai, e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos anteriores. Esta circunstancia da unidade familiar comprobarase a través do empadroamento que será revisado polos servizos municipais e o libro de familia.

No caso de que os solicitantes constituían unidades familiares independentes, tamén se consideran membros computables o cónxuxe, ou persoa a que se atope vinculado por análoga relación, así como os fillos que tivera.

Nos casos de violencia de xénero debidamente acreditados documentalmente, adxudicarase o importe máximo da beca, sen ter en contar ningún tipo de baremación e acreditarase por medio de calquera dos seguintes documentos:

- Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

[correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)  
[www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)  
[sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)

- Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que se sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG nº 152, do 7 de agosto)
- Certificación e/ou informe dos servizos sociais e /ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social

Para efectos desta convocatoria, ten a consideración de ingresos a suma da base impositiva xeral máis a base impositiva do aforro do imposto sobre a renda de persoas físicas.

	TRAMOS			
	Menor ou igual ao 75% do IPREM	Maior ao 75% e menor ou igual 100 % do IPREM	Maior ao 100 % e menor ou igual ao 150%	Maior ao 150 % do IPREM
<b>Educación Secundaria</b>	110 €	100 €	90 €	Denegada

De non existir crédito suficiente, reducirase a contía das axudas en igual proporción a todas as solicitudes que sexan beneficiarias.

Será susceptible de valoración extraordinaria calquera circunstancia que a comisión considere documentalmente acreditada ou no seu defecto solicitar a información que fose precisa.

#### Cuarta. Órgano competente

O órgano instrutor do procedemento aos efectos do artigo 24 da Lei 38/2003 será o Concelleiro de Educación.

O órgano colexiado aos efectos do artigo 22 da Lei 38/2003 será a Comisión Cualificadora, que estará constituída pola Técnico responsable en materia de cultura, a animadora cultural, un funcionario e o Concelleiro de Educación.

O órgano competente para a concesión das bolsas é o Alcalde-Presidente ou órgano no que delegue, previa proposta da Comisión Cualificadora.

#### Quinta. Prazo de presentación de solicitudes e documentación a xuntar

As solicitudes presentaranse en modelo normalizado no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da última publicación das bases e da convocatoria no rexistro municipal de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas ou lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Tamén poderán presentarse na sede municipal na páxina <http://sede.abegondo.es> ata as 23:59:59 horas do último día do prazo. Á solicitude deberá acompañarse os seguintes documentos:

##### A) DOCUMENTACIÓN XERAL:

- Impreso de solicitude debidamente cuberto, no que se asinará unha declaración de que a documentación presentada concorda cos orixinais, que terá que ter no seu poder no prazo de catro anos para calquera comprobación que se lle requira.
- Fotocopia do resgardo da matrícula.
- Fotocopia do Libro de Familia.
- Fotocopia da declaración da renda do ano 2015 ou no seu caso autorización asinada no impreso de solicitude. As unidades familiares exentas desta obriga deberán acreditar a súa situación, xuntando a seguinte documentación:



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

[correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)  
[www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)  
[sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)

- a. Para os membros activos laboralmente, certificado de Facenda de ingresos do ano 2015.  
b. Acreditación, por calquera medio axustado a dereito, de percibir ou non algunha prestación ou pensión ( INEM, Xunta, Seguridade Social,...) e o importe da mesma.  
A renda familiar deberá ser acreditada polos pais ( nai e pai) ou titor do/a estudante.
- Fotocopia das cualificacións obtidas no curso 2015/2016 cotexada polos servizos municipais. Aqueles alumnos que non acaden como mínimo un 5 de nota media ou o equivalente en créditos ademais de non ter superados a metade das disciplinas curriculares nas que estea matriculado non terán dereito á axuda. A nota media do curso obterase calculando a media aritmética das cualificacións numéricas que consten no expediente. Se as notas veñen expresadas como cualificacións literais, considerarase a seguinte táboa de equivalencias para obter a media:

Suspenso/Insuficiente	2,5
Aprobado/Apto/Convalidación	5
Ben	6
Notable	7,5
Sobresaliente	9
Matrícula Honra	10

- Certificado do núm. de conta bancaria onde realizar o ingreso da bolsa.

No caso de que a documentación non variase en relación coa presentada nas convocatorias anteriores, con base no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, non terá obriga de achegar:  
- Certificado do núm. de conta bancaria onde realizar o ingreso da bolsa.

B) DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA CONDICIÓN DE FAMILIA MONOPARENTAL: Ademais da documentación xeral deberán presentar a seguinte documentación segundo proceda:

- Sentencia de separación ou divorcio e /ou convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais, ou xustificante de viuvez, de ser o caso.
- Fotocopia do certificado de minusvalía dos fillos maiores de 18 anos con minusvalía do 33% ou superior.

C) DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA CONCORRENCIA DE SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

De concorrer esta circunstancia deberá presentarse, ademais da documentación xeral, calquera dos documentos establecidos ao efecto na Base Terceira.

### Sexta. Resolución provisional e definitiva e publicación

Establécese un prazo de resolución de cinco meses contados a partir do día seguinte ao remate do prazo de presentación de instancias. De producirse silencio administrativo entenderase denegada a solicitude.

A publicación das resolucións neste procedemento substituirá ás notificacións persoais, tendo os mesmos efectos ao contar co contido esixido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Xa que logo, as listaxes de bolseiros serán públicas e estes efectos, o Concello publicará a relación provisional e definitiva dos solicitantes da bolsa, nos taboleiros de anuncios e na sede municipal [www.sede.abegondo.es](http://www.sede.abegondo.es).

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, no prazo de tres meses, estas serán valoradas pola comisión avaliadora conforme aos criterios establecidos. Posteriormente publicarase no taboleiro de editos e na sede municipal [www.sede.abegondo.es](http://www.sede.abegondo.es) do Concello unha lista provisional e abrirase un prazo de 10 días para subsanación de documentación.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

[correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)  
[www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)  
[sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)

Transcorrido este prazo a Comisión emitirá unha proposta definitiva que será fiscalizada pola Intervención municipal e de seguido procederá á súa aprobación así como á súa publicación no taboleiro de editos do Concello e na sede municipal [www.sede.abegondo.es](http://www.sede.abegondo.es)

#### **Sétima. Pago**

O pago das bolsas efectuarase por transferencia bancaria aos solicitantes ou representantes legais, polo que deberán presentar o número de conta onde quere que se lle ingrese a dita axuda, acreditando a dita conta mediante certificación bancaria achegada coa solicitude.

#### **Oitava. Xustificación**

En función do obxecto da subvención e a súa natureza de bolsa enténdese xustificada a mesma pola concorrencia dos requisitos establecidos no punto segundo da presente convocatoria. En calquera caso o beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola intervención do Concello, Tribunal de Contas ou Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O beneficiario ten a obriga de reintegro dos fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención, e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Novena. Compatibilidade**

A presente subvención é compatible con outras que para a mesma finalidade poidan concederse por entes públicos ou privados aos beneficiarios cos requisitos previstos na base segunda.

#### **Décima. Recursos**

A resolución que resolva o procedemento poñerá fin á vía administrativa e, contra a mesma o interesado poderá interpor os recursos que se indican a continuación:

1. Recurso potestativo de reposición, ante o órgano que ditou o acto recurrido, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a aquél no que se notifique ou publique a resolución, de conformidade co establecido nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Directamente, recurso contencioso administrativo, ante o órgano competente da xurisdicción do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte a aquél no que se notifique ou publique a resolución, en aplicación do disposto no artigo. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción do Contencioso Administrativo.
3. Todo iso, sen prexuízo de que o interesado interpoña calquera outro recurso que estime pertinente.

Abegondo, 04 de abril de 2017  
O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

ANEXO 5: CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE DOUS PREMIOS DE FIN DE CARREIRA CORRESPONDENTES AO CURSO 2015/2016

#### **Primeira. Natureza, obxecto e créditos orzamentarios**

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública en concorrencia competitiva,



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

[correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)  
[www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)  
[sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)

que no exercicio das súas competencias e de conformidade co disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2017, efectúa o Concello de Abegondo para a concesión de dous premios de fin de carreira, curso 2015/2016, como acción de recoñecemento e impulso dos estudos universitarios.

O presente expediente está suxeito á dotación presupostaria do exercicio 2017 dentro da partida 326.48100.

### **Segunda. Beneficiarios, requisitos e xeito de acreditación**

Para optar ao premio de fin de carreira deberán reunirse os seguintes requisitos:

- Estar empadroado no Concello de Abegondo cunha antigüidade mínima de seis meses. Esta circunstancia que deberá cumprirse no último día do prazo de presentación de solicitudes, será comprobada de oficio polos servizos municipais.
- Ter estado matriculado en ensino universitario no curso 2015/2016. Esta circunstancia acreditarase mediante fotocopia da matrícula.
- Cumprimento dos requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Esta circunstancia acreditarase mediante a declaración responsable incluída no formulario de solicitude

### **Terceira. Contía e criterios de selección**

A contía do premio é de 600 euros cada un, sendo un dos premios extraordinarios ao mellor expediente académico na rama científico-tecnolóxica e outro na rama xurídico-social e de humanidades. Establécese como requisito mínimo unha nota media de notable alto (de 8,5 en diante en Humanidades rama Xurídico-Sociais e demais e de 7,50 en Enxeñerías ou Arquitectura). Será válida a nota media simple reflectida no expediente académico.

A concesión destas axudas queda limitada polas dispoñibilidades presupostarias do Concello para estes fins. En caso de que a cantidade presupostada para este fin non fose suficiente para atender o número de solicitudes, a comisión Cualificadora baremará, atendendo ás cualificacións obtidas polo alumno no curso anterior, o mellor expediente de cada rama.

### **Cuarta. Órgano competente**

O órgano instrutor do procedemento aos efectos do artigo 24 da Lei 38/2003 será o Concelleiro de Educación.

O órgano colexiado aos efectos do artigo 22 da Lei 38/2003 será a Comisión Cualificadora, que estará constituída pola Técnico responsable en materia de cultura, a animadora cultural, un funcionario e o Concelleiro de Educación.

O órgano competente para a concesión das bolsas é o Alcalde-Presidente ou órgano no que delegue, previa proposta da Comisión Cualificadora.

### **Quinta. Prazo de presentación de solicitudes e documentación a xuntar**

As solicitudes presentaranse en modelo normalizado no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da última publicación das bases e da convocatoria no rexistro municipal de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas ou lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Tamén poderán presentarse na sede municipal na páxina <http://sede.abegondo.es> ata as 23:59:59 horas do último día do prazo. Á solicitude deberá acompañarse os seguintes documentos:

- Impreso de solicitude debidamente cuberto, no que se asinará unha declaración de que a documentación presentada concorda cos orixinais, que terá que ter no seu poder no prazo de catro anos para calquera comprobación que se lle requira.
- Certificación académica persoal, sendo requisito necesario que sexa orixinal ou fotocopia conformada co orixinal, na que se exprese a denominación e número de materias que integran o plan de estudos, especificándose se son anuais ou



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

[correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)  
[www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)  
[sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)

cuadrimestrais, a cualificación obtida e o número de créditos que a integran, así como a especificación do curso no que finalizaron os estudos. Naquelas titulacións para as que sexa necesario teren realizado proxecto de fin de carreira, será imprescindible que figure na certificación académica a data de avaliación do proxecto e o curso académico no que foi superado.

- Breve currículum vitae con indicación, no seu caso, dos premios e becas que lle fosen concedidos e méritos que desexe alegar, acompañado da documentación correspondente.
- Fotocopia resgardo da matrícula do curso 2015/2016.
- Certificado do núm. de conta bancaria a nome do beneficiario onde realizar o ingreso da bolsa no caso de que cambie con respecto a convocatorias anteriores ou sexa un novo solicitante.

No caso de que a documentación non variase en relación coa presentada nas convocatorias anteriores, con base no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, non terá obriga de achegar:

- Certificado do núm. de conta bancaria a nome do beneficiario onde realizar o ingreso da bolsa.

#### **Sexta. Resolución provisional e definitiva e publicación**

Establécese un prazo de resolución de cinco meses contados a partir do día seguinte ao remate do prazo de presentación de instancias. De producirse silencio administrativo entenderase denegada a solicitude.

A publicación das resolucións neste procedemento substituirá ás notificacións persoais, tendo os mesmos efectos ao contar co contido esixido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Xa que logo, as listaxes de bolseiros serán públicas e estes efectos, o Concello publicará a relación provisional e definitiva dos solicitantes da bolsa, nos taboleiros de anuncios e na sede municipal [www.sede.abegondo.es](http://www.sede.abegondo.es).

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, no prazo de tres meses, estas serán valoradas pola comisión avaliadora conforme aos criterios establecidos. Posteriormente publicarase no taboleiro de editos e na sede municipal [www.sede.abegondo.es](http://www.sede.abegondo.es) do Concello unha lista provisional e abrirase un prazo de 10 días para subsanación de documentación.

Transcorrido este prazo a Comisión emitirá unha proposta definitiva que será fiscalizada pola Intervención municipal e de seguido procederase á súa aprobación así como á súa publicación no taboleiro de editos do Concello e na sede municipal [www.sede.abegondo.es](http://www.sede.abegondo.es)

#### **Sétima. Pago**

O pago dos premios efectuarase por transferencia bancaria, para o cal o solicitante deberá presentar o número de conta onde quere que se lle ingrese a dita axuda, acreditando esta conta mediante certificación bancaria entregada coa solicitude.

#### **Oitava. Xustificación**

En función do obxecto da subvención e a súa natureza de bolsa enténdese xustificada a mesma pola concorrencia dos requisitos establecidos no punto segundo da presente convocatoria. En calquera caso o beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola intervención do Concello, Tribunal de Contas ou Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O beneficiario ten a obriga de reintegro dos fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención, e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

[correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)  
[www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)  
[sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)

### Novena. Compatibilidade

A presente subvención é compatible con outras que para a mesma finalidade poidan concederse por entes públicos ou privados aos beneficiarios cos requisitos previstos na base segunda.

### Décima. Recursos

A resolución que resolva o procedemento poñerá fin á vía administrativa e, contra a mesma o interesado poderá interpor os recursos que se indican a continuación:

- 1.Recurso potestativo de reposición, ante o órgano que ditou o acto recurrido, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a aquél no que se notifique ou publique a resolución, de conformidade co establecido nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- 2.Directamente, recurso contencioso administrativo, ante o órgano competente da xurisdicción do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte a aquél no que se notifique ou publique a resolución, en aplicación do disposto no artigo. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción do Contencioso Administrativo.
3. Todo elo, sen perxucio de que o interesado interpoña calquera outro recurso que estime pertinente.

Abegondo, 04 de abril de 2017  
O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

## ANEXO 6: CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE 10 BOLSAS DA AULA MENTOR PARA A FORMACIÓN DE PERSOAS ADULTAS

### Primeira. Natureza, obxecto e créditos orzamentarios

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública en concorrencia competitiva, que no exercicio das súas competencias e de conformidade co disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2017, efectúa o Concello de Abegondo para a concesión de 10 bolsas para



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

[correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)  
[www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)  
[sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)

realizar cursos na Aula Mentor de Abegondo, como acción de fomento dos programas de formación a distancia e de complemento a formación profesional dunha persoa.

O presente expediente está suxeito á dotación presupostaria do exercicio 2017 dentro da partida 326.48107.

### **Segunda. Beneficiarios, requisitos e xeito de acreditación**

Para optar a estas bolsas deberán reunirse os seguintes requisitos:

- Estar empadroadado no Concello de Abegondo cunha antigüidade mínima de seis meses. Esta circunstancia que deberá cumprirse no último día do prazo de presentación de solicitudes, será comprobada de oficio polos servizos municipais.
- Ter cumpridos os 18 anos
- Breve curriculum vitae do solicitante, indicando datos persoais, titulación, formación e experiencia profesional, acompañado da documentación correspondente.
- Cumprimento dos requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Esta circunstancia acreditarase mediante a declaración responsable incluída no formulario de solicitude

### **Terceira. Contía, duración e criterios de selección**

O total de bolsas a conceder serán un total de 10 e cubrirán o custo da matrícula inicial no curso Mentor no que estea matriculado o alumno/a (máximo de 48 €/ 60 días de matrícula por alumno/a).

Poderán obter a esta bolsa os cursos realizados entre o mes de setembro 2016 ata a convocatoria de febreiro de 2017, tendo que presentar a solicitude no prazo de presentación de solicitudes que se abrirá para esta convocatoria.

No caso de que haxa máis solicitudes que bolsas ofertadas, a concesión das bolsas será decidida pola comisión cualificadora que fará unha selección na que valorará a formación e experiencia laboral que o solicitante aporta concorda co curso elixido. Este requisito será comprobado a través do curriculum vitae.

A adjudicación das bolsas recaerá en 10 destinatarios diferentes (non poderán recaer dúas bolsas nun mesmo beneficiario) que adiantarán o pago do curso e unha vez que o solicitante remate e o acredite que o finalizou cunha calificación de apto mediante o certificado de aproveitamento expedido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ou informe do administrador da Aula Mentor, ingresaráselles o importe no número de conta facilitado.

Terán prioridade en recibir esta bolsa aquelas persoas que non solicitaran ningún outro tipo de axuda desta convocatoria. No caso de que non se cubran o total de bolsas con solicitantes deste tipo, poderán acceder á axuda aquelas persoas que si solicitaran bolsas desta convocatoria.

De non existir crédito suficiente, reducirase a contía das axudas en igual proporción a todas as solicitudes que sexan beneficiarias

### **Cuarta. Órgano competente**

O órgano instrutor do procedemento aos efectos do artigo 24 da Lei 38/2003 será o Concelleiro de Educación.

O órgano colexiado aos efectos do artigo 22 da Lei 38/2003 será a Comisión Cualificadora, que estará constituída pola Técnico responsable en materia de cultura, a animadora cultural, un funcionario e o Concelleiro de Educación.

O órgano competente para a concesión das bolsas é o Alcalde-Presidente ou órgano no que delegue, previa proposta da Comisión Cualificadora.

### **Quinta. Prazo de presentación de solicitudes e documentación a xuntar**



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

[correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)  
[www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)  
[sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)

As solicitudes presentaranse en modelo normalizado no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da última publicación das bases e da convocatoria no rexistro municipal de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas ou lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Tamén poderán presentarse na sede municipal na páxina <http://sede.abegondo.es> ata as 23:59:59 horas do último día do prazo. Á solicitude deberá acompañarse os seguintes documentos:

- Impreso de solicitude debidamente cuberto, no que se asinará unha declaración de que a documentación presentada concorda cos orixinais, que terá que ter no seu poder no prazo de catro anos para calquera comprobación que se lle requira.
- Breve curriculum vitae do solicitante, indicando datos persoais, titulación, formación e experiencia profesional, acompañado da documentación correspondente.
- Certificado do núm. de conta bancaria a nome do beneficiario onde realizar o ingreso da bolsa.

No caso de que a documentación non variase en relación coa presentada nas convocatorias anteriores, con base no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, non terá obriga de achegar:  
- Certificado do núm. de conta bancaria a nome do beneficiario onde realizar o ingreso da bolsa.

#### **Sexta. Resolución provisional e definitiva e publicación**

Establécese un prazo de resolución de cinco meses contados a partir do día seguinte ao remate do prazo de presentación de instancias. De producirse silencio administrativo entenderase denegada a solicitude.

A publicación das resolucións neste procedemento substituirá ás notificacións persoais, tendo os mesmos efectos ao contar co contido esixido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Xa que logo, as listaxes de bolseiros serán públicas e estes efectos, o Concello publicará a relación provisional e definitiva dos solicitantes da bolsa, nos taboleiros de anuncios e na sede municipal [www.sede.abegondo.es](http://www.sede.abegondo.es).

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, no prazo de tres meses, estas serán valoradas pola comisión avaliadora conforme aos criterios establecidos. Posteriormente publicarase no taboleiro de editos e na sede municipal [www.sede.abegondo.es](http://www.sede.abegondo.es) do Concello unha lista provisional e abrirase un prazo de 10 días para subsanación de documentación.

Transcorrido este prazo a Comisión emitirá unha proposta definitiva que será fiscalizada pola Intervención municipal e de seguido procederase á súa aprobación así como á súa publicación no taboleiro de editos do Concello e na sede municipal [www.sede.abegondo.es](http://www.sede.abegondo.es)

#### **Sétima. Pago**

O pago das bolsas efectuarase por transferencia bancaria para o cal o solicitante deberá presentar o número de conta onde quere que se lle ingrese a dita axuda, acreditando esta conta mediante certificación bancaria entregada coa solicitude.

#### **Oitava. Xustificación**

En función do obxecto da subvención e a súa natureza de bolsa enténdese xustificada a mesma pola concorrencia dos requisitos establecidos no punto segundo da presente convocatoria. En calquera caso o beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requerida pola intervención do Concello, Tribunal de Contas ou Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

[correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)  
[www.abegondo.es](http://www.abegondo.es)  
[sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)

O beneficiario ten a obriga de reintegro dos fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención, e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Novena. Compatibilidade**

A presente subvención é compatible con outras que para a mesma finalidade poidan concederse por entes públicos ou privados aos beneficiarios cos requisitos previstos na base segunda.

#### **Décima. Recursos**

A resolución que resolva o procedemento poñerá fin á vía administrativa e, contra a mesma o interesado poderá interpor os recursos que se indican a continuación:

- 1.Recurso potestativo de reposición, ante o órgano que dictou o acto recurrido, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a aquél no que se notifique ou publique a resolución, de conformidade co establecido nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- 2.Directamente, recurso contencioso administrativo, ante o órgano competente da xurisdicción do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte a aquél no que se notifique ou publique a resolución, en aplicación do disposto no artigo. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción do Contencioso Administrativo.
3. Todo elo, sen perxuício de que o interesado interpoña calquera outro recurso que estime pertinente.

Abegondo, 04 de abril de 2017  
O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).